

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 02 DE MARZO DE 2017.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **DOUS DE MARZO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.**
- 2º.- **RENOVACIÓN DE LICENCIA DE TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.**
- 3º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 4º.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEGAMP E O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS.**
- 5º.- **INSTALACIÓN DE MINIPUNTOS LIMPOS NO CONCELLO DE SILLEDA.**
- 6º.- **APROBACIÓN DE PROXECTOS.**
- 7º.- **URBANISMO.**
- 8º.- **ASISTENCIA TÉCNICA ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO SILLEDA E BANDEIRA.**
- 9º.- **BONIFICACIÓN DO 95% DA PARTE DA CUOTA ÍNTEGRA DO IMPOSTO RELATIVA A CONSTRUCIÓN RÚSTICAS INDISPENSABLES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS EXPLOTACIÓN AGRÍCOLAS, GANDEIRAS, OU FORESTAIS.**

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 17 de Febreiro de 2017

- 2º.- **RENOVACIÓN DE LICENCIA DE TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.**

Vista a solicitude presentada por **MANUEL ROZADOS SOBRADO**, de

data 02 de marzo de 2017 e número de rexistro de entrada no Concello 892, de 02.03.17, para renovación da licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 03 de setembro de 2010, acordouse a concesión a MANUEL ROZADOS SOBRADO da licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos.

Vista a regulación contida na Lei 50/1999, de 23 de decembro, de réxime xurídico da Tenza de Animais Potencialmente Perigosos, no Real Decreto 287/2002, de 22 de marzo así coma os artigos 4 e 5 da Ordenanza Municipal Reguladora da Licenza pola Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda**:

PRIMEIRO: Conceder a MANUEL ROZADOS SOBRADO, titular do D.N.I. xxxxxxxxx a renovación da licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos otorgada pola Xunta de Goberno Local do 03 de setembro de 2010.

SEGUNDO: Caducidade da licenza. A presente licenza ten un prazo de vixencia de 5 anos, podendo ser renovada por períodos de igual duración.

A licenza perderá a súa vixencia no momento en que o titular deixe de reunir calquera dos requisitos esixidos para o seu outorgamento. A tal efecto calquera variación dos datos que figuren na licenza terá que ser comunicada ó Concello no prazo de 15 días desde que se produza. Asemade anualmente deberá xuntarse o Concello o recibo de pago da anualidade vixente do seguro de subscripción obrigatoria.

3º.- SERVIZOS SOCIAIS.

3.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrencia, de E.A.E.

Dase conta do informe de Beatriz Cuiña Iglesias, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 24 de febreiro de 2017, de alta no SAF no programa de libre concorrencia de E.A.E

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF, a **E.A.E.** segundo informe da Traballadora Social, de data 24 de febreiro de 2017.

3.2.- Traslado Expediente a SAF Dependencia (Baixa libre concorrencia, Alta Dependencia), de M.P.S.

Dase conta do informe de Beatriz Cuiña Iglesias, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 01 de marzo de 2017, da Baixa no SAF na modalidade de Libre Concorrencia (a data 28.02.2017) e Alta no SAF na modalidade de Dependencia (a data 01.03.2017) de M.P.S.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar aprobación a baixa no SAF na modalidade de Libre Concorrencia e alta na modalidade de Dependencia de **M.P.S.** segundo informe da Traballadora Social, de data 01 de marzo de 2017.

3.3.- Baixa no SAF, modalidade de Dependencia, de F.C.F.

Dase conta do informe de Beatriz Cuiña Iglesias, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 21 de febreiro de 2017, da Baixa no SAF na modalidade de Dependencia de F.C.F por pasamento da mesma en data 01 de febreiro de 2017.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** quedar enterada desta Baixa no SAF, modalidade Dependencia.

3.4.- Ampliación do SAF, modalidade de Dependencia, de I.H.L.

Dase conta do expediente confeccionado por Beatriz Cuiña Iglesias, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 01 de marzo de 2017, da Ampliación no SAF na modalidade de Dependencia de I.H.L.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar aprobación ó expediente elaborado pola Traballadora Social, de data 01 de marzo de 2017, para ampliación do SAF, modalidade de Dependencia, de I.H.L.

4º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEGAMP E O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROIS INDUSTRIAIS DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ENXEÑEIROIS INDUSTRIAIS.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o pasado día 15 de novembro de 2016, acordou a adhesión do Concello de Silleda ao convenio de colaboración entre a Fegamp e o Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia para a organización de prácticas de enxeñeiros industriais, así como a aceptación dos compromisos establecidos no convenio antes citado, para a organización de prácticas formativas ós

Enxeñeiros Industriais.

Visto o certificado do Secretario da Corporación, de data 20 de febreiro de 2017, no que se sinala:

“Que, vista a relación de enxeñeiros remitidos polo Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia e convocados puntualmente, procedeuse a realizar a entrevista o pasado 9 de febreiro de 2017.

Que dos cinco convocados, excusou a súa asistencia por motivos persoais . Diego Cabarcos Carballo.

Que, feitas as valoracións das mesmas e recibidas as propostas de traballo ofrecidas polos distintos colexiados, tomouse o acordo de designar como candidato máis idóneo a RICARDO GONZÁLEZ SANTOS, colexiado número 2908.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda**, prestar aprobación a designación para a formación en prácticas do enxeñeiro industrial RICARDO GONZÁLEZ SANTOS, cunha beca mensual de 1.000,00 € durante un período de 6 meses (dende o 6 de marzo de 2017 ó 05 de setembro de 2017), segundo convenio de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno Local do 15 de novembro de 2016.

5º.- INSTALACIÓN DE MINIPUNTOS LIMPOS NO CONCELLO DE SILLEDA.

Vista a solicitude de instalación de minipuntos limpos no concello de Silleda, presentado por Sergio Abad Navarro, en representación da empresa Blipvert S.L., de data 29 de febreiro de 2017, a cal desenvolveu un produto denominado MINIPUNTO LIMPO URBANO MODELO BLIPVERT, específico para dar servizo na vía pública, de recollida de forma selectiva de sete (7) tipos de lixo en depósitos independentes.

Visto o convenio de servizo gratuito de recollida selectiva con minipuntos urbanos de residuos especiais no Concello de Silleda, que literalmente dí:

“CONVENIO DE SERVIZO GRATUITO DE RECOLLIDA SELECTIVA CON MINIPUNTOLIMPOS URBANOS DE RESIDUOS ESPECIAIS NO CONCELLO DE SILLEDA.

REÚNENSE

Dunha parte: Manuel Cuiña Fernández, alcalde do Concello de Silleda, con

endereço social en R/ Do Trasdeza, nº 55 (Silleda) e NIF P-3605200-I que actúa en nome e representación do Concello de Silleda.

Doutra parte: Sergio Abad Navarro, con DNI núm nº 35.124.151-T en nome e representación da empresa Blipvert S.L., con CIF núm. B60061231 e domicilio en Granollers, polígono Ramassar Nord, Carrer Pla del Ramassar, núm. 30, en calidade de apoderado.

O comparecente asegura, baixo a súa responsabilidade, a plena vixencia das mencionadas facultades representativas e correlativa capacidade para asumir, en nome de Blipvert S.L., as abrigas determinadas no presente convenio co Concello de Silleda.

Recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente para subscribir este documento.

EXPOÑEN:

- 1. Que o Concello de Silleda considera de interese a instalación de MINIPUNTOLIMPOS urbanos para a recollida selectiva e posterior reciclaxe de RSU na vía pública.*
- 2. Que Blipvert S.L. desenvolveu un produto específico para dar servizo na vía pública, denominado de **Minipuntolimpo urbán modelo Blipvert**, que pode recoller de forma selectiva sete (7) produtos en depósitos independentes.*

De acordo coa vontade das partes de colaborar no desenvolvemento dos obxectivos comúns, establecen as seguintes

CLÁUSULAS:

1. Descrición

A empresa Blipvert S.L. instalará no Concello de Silleda un novo servizo integral de reciclaxe con MINIPUNTOLIMPOS urbanos modelo Blipvert instalados na vía pública e de moi fácil acceso á cidadanía. As características físicas destes MINIPUNTOLIMPOS urbanos modelo Blipvert están indicadas no plano técnico adxunto que formará parte do presente convenio. Todos estarán fabricados en aceiro de máxima calidade, vidro laminado de seguridade e depósitos interiores en tubos independentes.

2. Instalación

A instalación do servizo para o Concello de Silleda non terá ningún custo por Minipunto limpo. O Concello -só nos casos que non sexa embaldosado estándar- deberá facilitar as baldosas a Blipvert S.L. É abriga de Blipvert S.L. a realización da obra pública, preinstalando

primeiramente baixo terra a placa de fixación cando é necesario, para despois refacer a beirarrúa e instalar cada Minipuntolimpo no sitio pactado.

3. Cantidade

Blipvert S.L. instalará en Silleda unha cantidade inicial de dúas unidades de MINIPUNTOLIMPOS urbanos modelo Blipvert. O Concello e Blipvert S.L. poderán pactar de mutuo acordo ampliacións ou cambios de colocación sen necesidade dun novo convenio, anexando as cláusulas adicionais necesarias coas correspondentes modificacións a este mesmo convenio. NOTA.- o listado dos espazos forma parte do presente contrato como ANEXO 1

4. Detalles dos produtos que se recollerán

En cada Minipuntolimpo urbano modelo Blipvert poderanse recoller sete produtos mediante sete entradas direccionadas a sete depósitos independentes. Os sete produtos estándar iniciais son:

- 2 depósitos para pilas (convencionais, alcalinas, petaca, botón) e baterías de móbil*
- 1 depósito para teléfonos móbiles*
- 1 depósito para CD / DVD*
- 1 depósito para cartuchos de impresora de inxección*
- 1 depósito para lámpadas de baixo consumo*
- 1 depósito para RAEES (residuos de aparatos eléctricos ou electrónicos, que leven pilas ou se poidan enchufar a corrente).*

Queda como opción alternativa calquera outro produto de parecidas dimensións que o Concello propoña e cuxa recollida e posterior reciclaxe sexa viable.

5. Colocacións

As colocacións dos MINIPUNTOLIMPOS urbanos modelo Blipvert han de estar acordadas por un representante do Concello e un de Blipvert S.L. Cada unha dos MINIPUNTOLIMPOS urbanos modelo Blipvert instalarase en cada unha das situacións que se detallan na listaxe que se xunta e que forma parte do presente convenio. O Concello poderá instar a Blipvert S.L. a que modifique o emprazamento dun Minipuntolimpo urbano modelo Blipvert se este dificulta a mobilidade dos peóns, a visibilidade dos vehículos ou outros aspectos de interese público xeral e o custo de cambio de situación non poderá superar os 290 € (IVE incluído) pactados.

Blipvert S.L. presentará periodicamente informes de incidencias co propósito de advertir coa máxima antelación calquera necesidade de cambio de situación dun Minipuntolimpo, se se dera o caso dun vandalismo esaxerado e continuado nunha mesma situación concreta.

6. Propiedade e responsabilidade civil

Os MINIPUNTOLIMPOS urbanos modelo Blipvert serán sempre propiedade de Blipvert S.L., que queda obrigada a dispor, de maneira permanente durante toda a vixencia do presente convenio, dunha póliza de seguro de responsabilidade civil (RC) de ata 300000 € para a ocupación da vía pública cos MINIPUNTOLIMPOS urbanos.

7. Servizo gratuíto

A fabricación dos MINIPUNTOLIMPOS urbanos modelo Blipvert, a súa substitución cando sexa necesario, a limpeza, o mantemento técnico, a recollida dos residuos, a clasificación destes e o seu transporte para a reciclaxe, a presentación anual dos informes estatísticos e, en xeral, todos os gastos, excepto posibles cambios de situación (ancoraxe coa súa correspondente obra civil), serán a cargo de Blipvert, S.L.

8. Tempo de resposta

Ante incidencias de carácter relevante, comunicadas por parte do Concello a Blipvert S.L., o tempo de resposta da actuación de Blipvert S.L. non superará as 72 horas.

9. Explotación publicitaria

Os MINIPUNTOLIMPOS serán esponsorizados por empresas, que poderán expoñer a súa publicidade en cada unha das dúas ventás de vidro do Minipuntolimpo urbana modelo Blipvert. Blipvert S.L. levará a cabo todas as xestións cos anunciantes, e poderá subcontratar a publicidade, garantindo sempre a súa calidade.

A publicidade a través dos correspondentes anuncios cumprirá, tanto no referente aos contratos publicitarios como os seus contidos, o que dispón a Lei estatal 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade e, en consecuencia queda totalmente prohibida calquera tipo de publicidade ilícita nos termos establecidos no arto 3 e concordantes da citada lei.

Queda expresamente prohibida toda clase de publicidade sobre os produtos do tabaco, segundo o establece a Lei estatal 28/2005, de 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e de regulación entre outros extremos, da publicidade dos produtos do tabaco.

10. Cesión espazos Publicitarios O Concello de Silleda

11. Blipvert S.L. comprométese a ceder, o Concello de Silleda paneis publicitarios.

12. Tratamento dos residuos

Blipvert S.L. transportará os residuos recollidos en cada unha dos MINIPUNTOLIMPOS urbanos modelo Blipvert directamente á reciclaxe en función das características do residuo.

13. Vixencia do convenio

Fíxase o remate da aplicación do presente convenio de dous anos a partir da data da súa sinatura, prorrogables por outros dous, previa comunicación entre as partes con quince días de antelación.

Será motivo de rescisión do presente convenio calquera das seguintes causas:

- a) Por finalizar o período de duración establecido no convenio.*
- b) O mutuo acordo entre ambas partes.*

14. Obrigatoriedade de prestación de informes anuais

A empresa Blipvert SL presentará ao Concello, de forma anual, informes estatísticos referentes ás diferentes cantidades de residuos recollidos especificando os quiloqramos para cada produto por separado.

15. Autorización para o transporte de residuos

É obriga de Blipvert dispoñer, de maneira permanente durante toda a vixencia do presente convenio, da documentación da autoridade competente que acredite a todos os vehículos utilizados como vehículos autorizados para o transporte de todos os residuos contemplados no presente convenio.

E en proba de conformidade con todo o exposto, asinan o presente convenio por duplicado.

*..... , de de 2016
O alcalde de Silleda*

*O apoderado de Blipvert
S.L.
Sergio Abad Navarro*

Anexo I. Ubicacións no municipio de Silleda

<i>Código</i>	<i>Emprezamento</i>	<i>Barrio</i>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA** prestar aprobación ó convenio anteriormente transcrito para instalación en Silleda e Bandeira de dous MINIPUNTO LIMPO URBANO MODELO BLIPVERT, específico para dar servizo na vía pública, de recollida de forma selectiva de sete (7) tipos de lixo en depósitos independentes.

6º.- APROBACIÓN DE PROXECTOS.

6.1.- Reforma de piscina en Silleda.

Dase conta do proxecto básico e de execución denominado “REFORMA DE PISCINA EN SILLEDA”, sita na Avda. Recinto Feiral, 7 (Silleda), elaborado pola arquitecta Lena de Oliveira Amorim, de data 2 de marzo de 2017, cun orzamento base de licitación, incluído o 21% de IVE de 48.985,42 €, que ten por obxecto na adecuación dos acabados desta instalación deportiva e de ocio e a redución da profundidade máxima.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó mesmo.

6.2.- Acondicionamento do Parque Municipal As Pedrosas de Silleda (Pontevedra).

Dase conta do proxecto denominado “ACONDICIONAMENTO DO PARQUE MUNICIPAL AS PEDROSAS DE SILLEDA (PONTEVEDRA)”, elaborado polo Enxeñeiro de Camiños, C e P. Román Gómez Fraiz, de data febreiro de 2017, cun orzamento base de licitación, incluído o 21% de IVE de 199.999,99 €, que ten como obxecto fundamental a instalación de alumeadado público no parque municipal As Pedrosas cunha disposición de balizas luminosas suficiente para garantir unha iluminación adecuada en toda a rede peatonal; rehabilitación ou substitución dos elementos, equipamento e infraestrutura con necesidades observadas; integración territorial do ámbito das actuacións e seu entorno, así como o incremento do valor estético e paisaxístico mediante a ordenación de novos espazos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación ó mesmo.

7º.- URBANISMO.

7.1.- Substitución de cuberta e carpinterías exteriores dunha edificación existente, sita en Chapa, nº 30 (Silleda). Estanislao Costoyas López.

Vista a solicitude de licenza, presentada por ESTANISLAO COSTOYAS LÓPEZ, Rexistro de Entrada nº 937 de data 05 de marzo de 2015, para substitución de cuberta e carpinterías exteriores dunha edificación existente, sita en Chapa, nº 30 (Silleda), segundo proxecto básico e de execución do arquitecto Martín Pereiras Corzón.

Visto o informe emitido o 23 de febreiro de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doportó Framil no que conclúe o seguinte:

“Solicitante: Estanislao Costoyas López
Data de rexistro: 05.MAR.2015 N°: 937 Data
escrito: 04.MAR.2015
Solicitude: Substitución de cuberta e carpinterías exteriores dunha
edificación existente.
Tipo de Solicitude: Obra Maior Superficie construída:
162,05 m2.
Emprazamento: Chapa, nº 30
Referencia catastral: 36052C50500445 Superficie catastral:
1.212 m2.
Autor do Proxecto: Martín Pereiras Corzón, arquitecto colexiado 4236
Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 13/03/2015
nº 1400340.1.2 e 3
Dirección de Obra: n/d
Dirección de Execución: n/d
Exposición pública BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.): 32.363,87 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7 2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana*
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.*
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.*
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.*
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.*
- 10 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia.*
- 11 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.*
- 12 Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.*
- 13 Lei 8/2012, do 29 de xuño. de vivenda de Galicia.*
- 14 Planeamento do Concello de Silleda*

- 14.1 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.*
- 14.2 *M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991*
- 14.3 *M.P. PXOU no Zona Antiga Feira [apartados 2 e 3]. Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
- 14.4 *M.P.PXOU en Bandeira. redución do ancho Rúa Num 5 [apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995*
- 14.5 *M.P.PXOU no zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
- 14.6 *M.P.PXOU no Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
- 14.7 *M.P.PXOU no zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002*
- 14.8 *M.P.Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981*
- 14.9 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002*
- 14.10 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007*
- 14.11 *M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012*
- 14.12 *M.P.Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012*
- 14.13 *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016*

15 Concordantes

ANTECEDENTES

1. *Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Estanislao Costoyas López, presentada con R.E.937 de 05.MAR.2015. Aporta 2 copias de proxecto técnico asinado por Martín Pereiras Corzón, arquitecto colexiado 4236 e xustificante de pago de taxas municipais.*

2. *O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará no redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados polo Consellería competente.*

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e polo Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 14.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Substitución de cuberta e carpinterías exteriores dunha edificación existente**, está clasificado como **solo rústico de protección de infraestruturas**.

5. A edificación está próxima á estrada Nacional 525 e tamén a un elemento catalogado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado provisoriamente o 18 de marzo de 2016. Neste sentido, o expediente foi remitido á Consellería de Cultura. O Concello de Silleda recibiu, con rexistro de entrada 1402 de 07.ABR.2016 e rexistro de saída da Xunta de Galicia n 35132/RX449956 de 04/04/2016 documentación relativa á revisión da situación do xacemento e da ficha de Inventario no Cruz, Chapa. Á vista deste informe, este arquitecto emite novo informe polo que se solicita á nomeada Consellería a devolución do expediente, xa que a ubicación do elemento cuxa protección afectaba á edificación que se pretende rehabilitar foi modificada polo Consellería, que así o devolve con rexistro de saída 91785/RX1357171 de 26/09/2016, polo que non sería preciso o informe do nomeado Organismo.

6. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxecto	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela		2000	3000	Rehabilitación
Altura de cornixa		7,00 m	7,00	Rehabilitación
Ocupación máxima		20%	20%	Rehabilitación
Superficie ocupada en planta				Rehabilitación

Número máximo de plantas	B+1	B+1	Rehabilitación
Recuamento a lindeiros	5 m	5 m	Rehabilitación
Separación a vía pública	4 m	4 m	Rehabilitación
Acceso rodado	Si	Si	Si

7. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle no memoria e no documentación gráfica do proxecto.

8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no Documento **Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica no memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, o **tratamento de augas**.

10. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, o **abastecemento de auga**.

11. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

12. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

13. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:

13.1 Servizo provincial de Estradas do Ministerio de Fomento.

13.1,1 O Promotor das obras aporta autorización osinada o 27 de xaneiro de 2017 e emitida con rexistro de saída 519 de 30/01/2017,

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Substitución de cuberta e carpinterías exteriores dunha edificación existente solicitada dende o punto de vista técnico, e propónse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e

no informe sectorial sinalados no punto 13.1; *coa advertencia expresa de que a licenza concedida abranque exclusivamente a construción dunha cuberta e carpinterías exteriores, e que para a rehabilitación exterior será preciso a tramitación dunha nova licenza para a que deberá aportarse un novo proxecto redactado por arquitecta/o.*

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

- 1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.*
- 2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.”*

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

